

CEIP GREGORIO SANZ - Ribadeo

PROXECTO COMBAS A1

PORTFOLIO DE ACTIVIDADES

Ribadeo 2013



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Datos do Centro

1.2. Datos da coordinadora

2. ACTIVIDADES DA MODALIDADE A1

2.0. Actividade previa

2.1. Actividade 1

2.2. Actividade 2

2.3. Actividade 3

2.4. Actividade 4

2.5. Actividade 5

3. CONCLUSIÓNS

4. BIBLIOGRAFÍA

1. INTRODUCCIÓN

Con este Proxecto tratamos de mellorar a aprendizaxe das CCBB para chegar a facer unha avaliación obxectiva por competencias. No presente ano 2013 desenvolvemos a fase A1. Nesta fase A1 o obxectivo foi elaborar exemplos de tarefas que integren obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias básicas, iniciando unha concreción curricular que sirva de documento ponte entre os decretos que regulan o deseño do currículo e a actividade na aula. Tratamos de ver o que significan as CCBB, como se traballan, como se avalían e que cambio metodolóxico supoñen.

1.1. Datos do Centro

O CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo é un centro público de Educación Infantil (6 unidades) e Primaria (12 unidades). Ubícase na parroquia de Obe, na Avenida de Luarca e conta cos servizos complementarios de comedor e transporte escolar.

CEIP GREGORIO SANZ Avda. Luarca s/n 27700 Ribadeo (Lugo) Tfno. 982128848

ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.es/ceipgregoriosanz/>

1.2. Datos da coordinadora

M. Mercedes Bouza Fernández, orientadora no Centro desde 2008 ata 2013, licenciada en Psicoloxía, iniciou a coordinación do Proxecto COMBAS no Centro e rematouna desde o novo destino obtido por Concurso de traslados. A coordinadora formou parte dun obradoiro (ao que asistiron as persoas coordinadoras dos distintos centros) que se celebrou mensualmente no CFR de Burela, realizando as tarefas dirixidas para cada actividade. Esta persoa foi a encargada de transmitir ao resto do grupo do seu centro as tarefas e recursos facilitados, así como de recoller as tarefas dos compañeiros/as e de extraer conclusións.

2. ACTIVIDADES DA MODALIDADE A1

Actividade previa: **Clima do Centro (Técnica dos seis sombreiros)**

Actividade 1: **Análise do curriculum real de aula**

Actividade 2: **Exercicios, Actividades ou Tarefas**

Actividade 3: **Contribución das áreas ás CCBB segundo normativa**

Actividade 4: **Relación actividades con Modelos de Pensamento**

Actividade 5: **Conclusións sobre o modelo de avaliación**

2.0. Actividade previa: Clima do Centro (Técnica dos seis sombreros)

¿Qué información necesitaríamos sobre as CCBB?

Procedementos para poder aplicar e desenrolar na realidade da aula as programacións.
Mostras de avaliación por competencias.
Programacións dos distintos temas e desenrolo práctico dos mesmos.
Metodoloxía para a posta en práctica na aula.

¿Qué sensacións temos ante o reto que supón a incorporación das CCBB ós deseños e que suporá para os centros?

Pensamos que incidirá positivamente no desenrolo integral do alumno.
Certa incertidumbre pero á vez confianza para a mellora da calidade do ensino.
Risco de que todo quede nun modelo teórico se non reducen contidos e a ratio por aula, coa conseguinte necesidade de dotar aos centros de máis recursos persoais e materiais.
Adaptar a terminoloxía nova a unha realidade xa coñecida.
Certeza de que é unha forma de mellorar as capacidades e coñecementos dos alumnos.
Revisión de concreción curricular facendo novas programacións de ciclo e aula.

Se as CCBB se incorporan ós deseños e non teñen éxito, que consecuencias negativas terían para os centros?

Ningunha, pois todo traballo realizado intentando mellorar a práctica docente vai repercutir de forma positiva no alumnado.
Sensación de ter perdido tempo e esforzo.
Sempre quedará algo positivo dentro da negatividade.
Enfrentarnos a un novo cambio, coa conseguinte sensación de fracaso para o alumnado dese sistema.

Se a incorporación das CCBB ó deseño curricular ten éxito, que cambios positivos se producirían no currículo?

As aprendizaxes serán significativas para o alumno e acadará sen dúbida unha maior autonomía.
Maior conexión coa realidade, maior motivación para o alumnado, maior relación cos compañeiros de nivel, ciclo ou departamento, nenos e nenas máis autónomos.
Un cambio positivo na metodoloxía.

¿Qué poderíamos facer para que a incorporación das CCBB nos deseños mellore os currículos reais dos centros?

Que o proxecto educativo sexa real e factible, procurando unha maior coordinación entre ciclos e etapas.
Crer no que estamos a facer, facer propostas susceptibles de levar á práctica, maior formación externa.
Interesarse pola materia a impartir e as necesidades de aula.

¿Cómo poderíamos controlar as estratexias e procesos de mediación entre os deseños e os currículos reais dos centros para que o éxito sexa o maior posible?

Reunións efectivas entre o profesorado, e o ideal sería que o número de alumnos por aula fose axeitado, especialmente se se atopan nenos con dificultades de aprendizaxe.
Contar con apoios dentro ou fóra de aula para a superación desas dificultades de aprendizaxe.
Incidir máis nos procedementos e nas actitudes que nos contidos.
Maior traballo en equipo, tendo en conta que traballamos para o alumnado.

Conclusións: O profesorado foi afondando nas CCBB, en como se traballan, se avalían e o cambio metodolóxico que suponen. Consideran que para que este modelo sexa real e aplicable nas aulas é necesario reducir o número de alumnos por aula e os contidos establecidos. Sería importante lograr un currículo real de Centro, coordinándose por ciclos e analizando os procesos de avaliación, introducindo as modificacións precisas.


2.1. Actividade 1: Análise do curriculum real de aula

| | |
|---|------------------------------|
| ETAPA: INFANTIL | CCBB: 1,2,3,4,5,6,7,8 |
| Entrada, rutinas e asamblea | 1,2,3,5,6,7,8 |
| Grafomotricidade, lectoescritura | Todas |
| Coñecemento do contorno | Todas |
| Actividades lóxico-matemáticas | Todas |
| Conto, debuxo | Todas |
| Recunchos | 1,2,3,5,6,7,8 |
| Rutinas de saída (comedor, casa) | 1,2,3,5,6,7,8 |
| Psicomotricidade | 1,2,3,5,6,7,8 |
| ETAPA: 1º ciclo PRIMARIA | CCBB: 1,2,3,4,5,6,7,8 |
| Saúdo e despedida, pasar lista | 1,5 |
| Revisión de tarefas rematadas na casa | 1,2,3,5,7,8 |
| Ideas previas sobre os novos contidos | Todas |
| Explicación oral con apoio de imaxes | Todas |
| Exercicios de reforzo e ampliación | Todas |
| Comprobación do aprendido | 1,2,3,5,6,7,8 |
| Actividades doutras áreas intentando relacionar o traballado | 1,2,3,5,6,7,8 |
| <i>As actividades levadas a cabo están relacionadas coas CCBB; as menos traballadas son as competencias 4 e 6.</i> | |
| ETAPA: 2º ciclo PRIMARIA | CCBB: 1,2,3,4,5,6,7,8 |
| Saúdo | 1,3,5 |
| Planificación actividade diaria | 1,4 |
| Corrección de actividades | Todas |
| Nova explicación | Todas |
| Traballo individual | Todas |
| Lectura individual e colectiva | 1,3,4,6,7,8 |
| Pautas de traballo e normas de conduta | Todas |
| ETAPA: 3º ciclo PRIMARIA | CCBB: 1,2,3,4,5,6,7,8 |
| Coñecer o relevo de España | 1,3,4,6,7,8 |
| Situar no mapa o relevo peninsular | 1,3,4,6,7,8 |
| Resolución de problemas matemáticos | 1,2,4,7,8 |
| Resolución de conflitos | 4,5,7,8 |
| Comprensión lectora e lectura colectiva | 1,4,7,8 |
| Identificación gramatical e morfolóxica | 1,4,7,8 |
| Ordear un texto secuencialmente | 1,4,5,7,8 |
| ESPECIALIDADE: EF | CCBB: 1,2,3,4,5,6,7,8 |
| Habilidades motrices básicas | 1,8 |
| Expresión corporal | 1,6,8 |
| Iniciación ao deporte | Todas |
| Xogos de socialización | 1,2,5,6 |
| ESPECIALIDADE: Música | CCBB: 1,2,3,4,5,6,7,8 |
| Escoitar audición / Partitura | 1,4,6,7 |
| Lectura rítmica e melódica | 1,2,5,6,7,8 |
| Instrumentación con frauta, xilófono | 1,2,5,6,7,8 |
| Dramatización da canción | 1,2,3,5,6,8 |
| Explicación de conceptos teóricos | 1,2,7 |
| ESPECIALIDADE: Audición e linguaxe | CCBB: 1,2,3,4,5,6,7,8 |
| Descrición de imaxes | 1,2,3,5,6 |
| Xogo simbólico (casiña) | 1,2,3,5,6,8 |
| Praxias | 1,7,8 |
| Secuencias temporais | 1,2,3,8 |
| Lectura e invención de contos | 1,2,3,4,5,6,7 |
| <i>Debería mellorar a formación do profesorado en competencia dixital e fomentar no alumnado a capacidade de aprender a aprender.</i> | |

2.2. Actividade 2: Exercicios, Actividades ou Tarefas


| ACCIONS | EXERCICIO, ACTIVIDADE OU TAREFA | CCBB 1,2,3,4,5,6,7,8 |
|---|---------------------------------|-------------------------|
| ETAPA: INFANTIL | | |
| Entrada, rutinas e asamblea | Tarefa | 1,2,3,5,6,7,8 |
| Grafomotricidade, lectoescritura | Exercicio / Actividade | Todas |
| Coñecemento do contorno | Exercicio / Actividade / Tarefa | Todas |
| Actividades lóxico-matemáticas | Exercicio / Actividade | Todas |
| Conto, debuxo | Actividade | Todas |
| Recunchos | Exercicio / Actividade | 1,2,3,5,6,7,8 |
| Rutinas de saída (comedor, casa) | Actividade | 1,2,3,5,6,7,8 |
| Psicomotricidade | Exercicio / Actividade | 1,2,3,5,6,7,8 |
| <i>Por mor do pouco espazo e o elevado número de alumnos/as por aula, resúltanos imposible desenrolar os recunchos como tarefa.</i> | | |
| ETAPA: 1º ciclo PRIMARIA | | |
| Saúdo e despedida, pasar lista | Exercicio | 1,5 |
| Revisión de tarefas rematadas na casa | Exercicio / Actividade / Tarefa | 1,2,3,5,7,8 |
| Ideas previas sobre os novos contidos | Actividade | Todas |
| Explicación oral con apoio de imaxes | Actividade | Todas |
| Exercicios de reforzo e ampliación | Exercicio / Actividade / Tarefa | Todas |
| Comprobación do aprendido | Exercicio / Actividade / Tarefa | 1,2,3,5,6,7,8 |
| Actividades doutras áreas intentando relacionar o traballado | Actividade / Tarefa | 1,2,3,5,6,7,8 |
| <i>Como a redacción das accións está feita de forma moi ampla, algunhas son difíciles de catalogar dentro dun só apartado.</i> | | |
| ETAPA: 2º ciclo PRIMARIA | | |
| Saúdo | Exercicio | 1,3,5 |
| Planificación actividade diaria | Actividade | 1,4 |
| Corrección de actividades | Actividade | Todas |
| Nova explicación | Actividade | Todas |
| Traballo individual | Exercicio / Actividade / Tarefa | Todas |
| Lectura individual e colectiva (comprensiva) | Tarefa | 1,3,4,6,7,8 |
| Pautas de traballo e normas de conduta | Tarefa | Todas |
| <i>Sinalar que a realización destas accións é interactiva, procurando así que vaia máis alá dun simple exercicio, converténdose nunha tarefa que implica un maior esforzo.</i> | | |
| ETAPA: 3º ciclo PRIMARIA | | |
| Coñecer o relevo de España | Exercicio | 1,3,4,6,7,8 |
| Situar no mapa o relevo peninsular | Exercicio | 1,3,4,6,7,8 |
| Resolución de problemas matemáticos | Exercicio | 1,2,4,7,8 |
| Resolución de conflitos | Actividade | 4,5,7,8 |
| Comprensión lectora e lectura colectiva | Exercicio | 1,4,7,8 |
| Identificación gramatical e morfolóxica | Exercicio | 1,4,7,8 |
| Ordear un texto secuencialmente | Exercicio | 1,4,5,7,8 |

| ESPECIALIDADE: Educación Física | | |
|---|---------------------------------|---------------|
| Habilidades motrices básicas | Actividade | 1,8 |
| Expresión corporal | Actividade | 1,6,8 |
| Iniciación ao deporte | Actividade | Todas |
| Xogos de socialización | Actividade | 1,2,5,6 |
| ESPECIALIDADE: Pedagogía Terapéutica | | |
| Grafomotricidade | Exercicio | Todas |
| Asociación grafía do nº coa cantidade | Actividade | Todas |
| Orientación espacial (puzzles) | Actividade | Todas |
| Lectura global | Actividade | 1,3,4,6,7,8 |
| ESPECIALIDADE: Audición e Linguaxe | | |
| Descrición de imaxes | Actividade | 1,2,3,5,6 |
| Xogo simbólico (casiña) | Actividade | 1,2,3,5,6,8 |
| Praxias | Exercicio | 1,7,8 |
| Secuencias temporais | Tarefa simple | 1,2,3,8 |
| Lectura e invención de contos | Tarefa | 1,2,3,4,5,6,7 |
| <i>Resulta complicado establecer límites con obxectividade entre actividade complexa e tarefa simple. Consideramos que a catalogación en exercicio, actividade ou tarefa dunha acción, depende da capacidade do propio alumnado.</i> | | |
| ESPECIALIDADE: Inglés | | |
| Saúdo, despedida, pasar lista | Exercicio | 1,2,3,5,6,7,8 |
| Preguntar e responder sobre data e tempo atmosférico (rutinas) | Exercicio / Actividade | 1,2,3,5,6,7,8 |
| Revisión de tarefas rematadas na casa | Exercicio / Actividade / Tarefa | Todas |
| Explicación oral novos contidos | Tarefa | Todas |
| Realización exercicios orais-escritos | Exercicio / Actividade / Tarefa | 1,2,3,5,6,7,8 |
| Listening-Reading-Understanding | Actividade | 1,3,4,5,6,7,8 |
| Reading comprehension | Actividade | 1,2,3,5,7,8 |
| Conversación (quest, answ, opinions) | Tarefa | 1,2,3,5,6,7,8 |
| Proposta de novas actividades | Exercicio | 1,3,5,6,7,8 |
| <i>Cosideramos que coa práctica diaria lévanse a cabo case a totalidade das CCBB</i> | | |



Presenza de exercicios, actividades e tarefas e peso das CCBB

PESO DAS CCBB



CONCLUSIÓNS

Obsérvase un equilibrio entre os exercicios e as tarefas realizadas na aula, levándose a cabo un maior número de actividades; non obstante, moitas das accións resultaron difíciles de catalogar dentro dun só apartado.

A medida que van pasando niveis, desde Infantil a Primaria, vai aumentando o número de exercicios. Nas diferentes especialidades predominan as actividades.

As accións en xeral están relacionadas coa totalidade das CCBB; as menos traballadas son as competencias matemática e dixital.

PROPOSTAS DE MELLORA

Debería mellorar a formación do profesorado en competencia dixital e fomentar no alumnado a capacidade de aprender a aprender.

Consideramos que para que as tarefas sexan reais e efectivas nun contexto real do alumnado sería necesario reducir o número de alumnos por aula e os contidos establecidos.

Deseño e desenvolvemento dunha tarefa sinxela

| TAREFA | ACTIVIDADES | EXERCICIOS |
|--|--|---|
| ETAPA: INFANTIL | | |
| PREPARACIÓN DUNHA SAÍDA Á GRANXA ESCOLA | 1. Observar e identificar diferentes animais da granxa | 1.1. Colorear animais da granxa 1.2. Relacionar cada animal co seu son 1.3. Rodear os animais de pluma |
| | 2. Visualizar o ciclo vital dunha planta por diferentes medios (Internet, na aula) | 2.1. Nomear as partes dunha planta 2.2. Plantar unha faba nun tarro de cristal 2.3. Colorear o que necesita a planta para medrar |
| | 3. Coñecer os pasos a seguir para a elaboración do pan | 3.1. Rodear os ingredientes necesarios para facer pan 3.2. Picar os alimentos de orixe vexetal 3.3. Ordear as secuencias para a elaboración do pan |
| ETAPA: 1º ciclo PRIMARIA | | |
| POSIBLE COMPRA DE 2 OU 3 PRODUCTOS SAUDABLES CUNHA CANTIDADE DADA DE DIÑEIRO | 1. Elaborar un menú saudable con 2 ou 3 produtos | 1.1. Seleccionar 2 ou 3 produtos a mercar no soporte elegido (folletos publicitarios, fotocopias, Internet) 1.2. Escribir os nomes, recortar, debuxar ou seleccionar os elixidos |
| | 2. Contar o diñeiro en € e céntimos, traballando equivalencias | 2.1. Separar moedas de € e céntimos 2.2. Sumar as cantidades coas que contamos 2.3. Traballar equivalencias entre distintas moedas |
| | 3. Resolver se é posible a compra ou non e o porqué | 3.1. Calcular aprox se é posible a compra ou non 3.2. Facer o cálculo exacto 3.3. Concluir e xustificar se é posible a compra |
| ETAPA: 2º ciclo PRIMARIA | | |
| MES DO LIBRO (ABRIL) | 1. Elaborar un marcapáxinas personalizado, cunha cita dun libro que lles gustara | 1.1. Ler libro 1.2. Elixir materiais, formato e deseño 1.3. Seleccionar un fragmento representativo da obra 1.4. Elaborar o marcapáxinas |
| | 2. Realizar e recompilar reseñas de libros escollidos polo alumnado | 2.1. Lectura previa do libro 2.2. Elaboración da reseña, utilizando as TIC 2.3. Posta en común dos traballos |
| | 3. Exposición dos traballos realizados en diferentes formatos e soportes | 3.1. Incorporación do traballo en formato libro aos fondos da biblioteca 3.2. Elaboración dun mural colectivo do ciclo 3.3. Compartir información a través da rede |
| ETAPA: 3º ciclo PRIMARIA | | |
| DÍA DO LIBRO | 1. Explicación do motivo da celebración | 1.1. Buscar frases feitas e vocabulario 1.2. Consulta do dicionario 1.3. Contestar preguntas sobre o día |
| | 2. Lectura dun capítulo do libro "Don Quijote" | 2.1. Resumo do capítulo por escrito 2.2. Contestar preguntas sobre o argumento |
| | 3. Actividades do capítulo lido | 3.1. Traer materiais como recortes e imaxes 3.2. Facer un mural |

| ESPECIALIDADE: Educación Física 3º ciclo Primaria | | |
|--|---|---|
| COÑECER A COSTA DE RIBADEO | 1. Observar as aves e coidado do contorno, a limpeza dunha praia | 1.1. Contar o nº de aves que observaron 1.2. Escribir o nome de cada ave |
| | 2. Buscar o nome das aves e as súas características | 2.1. Apuntar nomes nunha ficha 2.2. Completar características |
| | 3. Facer un caderno de campo e unhas actividades LIM de todo o observado na ruta | 3.1. Completar caderno de campo 3.2. Facer as páxinas LIM |
| ESPECIALIDADE: Pedagogía Terapéutica / Audición e Linguaxe(1º ciclo Primaria) | | |
| INVENTAR UN CONTO SOBRE A PRIMAVERA E PREPARAR A SÚA EXPOSICIÓN | 1. Diferenciar as diferentes partes dun conto | 1.1. Observar as partes en varios contos coñecidos 1.2. Delimitar as diferentes partes no que se vai inventar |
| | 2. Inventar un conto seguindo a estrutura correcta | 2.1. Aprendizaxe de vocabulario relacionado coa primavera 2.2. Realización dos debuxos do conto |
| | 3. Seleccionar e ordear as imaxes que ilustren cada parte | 3.1. Asociación imaxe-texto 3.2. Esposición final |
| ESPECIALIDADE: Inglés 3º ciclo Primaria | | |
| PREPARACIÓN DE DISFRACES "CARNIVAL" | 1. Decidir os traxes de "ladybirds", "beatles", "ants" and "grasshoppers" | 1.1. Aprender o vocabulario 1.2. Debuxar e colorear estes animais |
| | 2. Investigar deseños de "insects" para confeccionar con cartulinas e bolsas de lixo de cores (en Internet) | 2.1. Elaborar plantillas para os disfraces 2.2. Recortar 2.3. Compoñer a totalidade (antenas, lunares) 2.4. Elaborar caretas |

2.3. Actividade 3: Contribución das áreas ás CCBB segundo normativa

CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS DE EDUCACIÓN INFANTIL ÁS CCBB segundo Normativa de Galicia

ETAPA / CICLO: EDUCACIÓN INFANTIL

Dado o enfoque globalizado co que se traballa, en calquera das tres áreas abórdanse todas as CCBB:

(CVCLI) Contribuirase á mellora da competencia lingüística desde a educación infantil fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

(CMAT) Contribuirase á mellora da competencia matemática na educación infantil na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos sexan empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen.

(CIMF) Contribuirase á adquisición desta competencia desde educación infantil iniciando o alumnado no pensamento científico, potenciando habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, formular interrogantes, descubrir alternativas, verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións.

(TICD) Se desde a educación infantil se quere contribuír a mellorar esta competencia, é preciso que se propoñan situacións nas cales sexa necesario resolver problemas reais, para o cal se recorrerá ao tratamento da información e ao uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

(CSYC) Desde a educación infantil contribuirase ao desenvolvemento desta competencia traballando as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos de convivencia, axudan a resolvelos con actitude construtiva e a tomar decisións con autonomía.

(CCYA) Na educación infantil contribuirase ao desenvolvemento desta competencia cando o centro estea aberto ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, converténdose nun espazo en que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais, onde se potencie o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias; onde se manteña unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais e onde se impulse cultivar a capacidade estética e creadora de cada criatura e o interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio.

(CPAA) Contribuirase á mellora desta competencia deseñando unha práctica educativa que incida na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización da tarefa que se vai realizar, a selección e o tratamento da información a través dos diferentes recursos tecnolóxicos.

(CAIP) Poderase contribuír a mellorar esta competencia cando se permita imaxinar, emprender accións, desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

**CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA GALEGA/CASTELÁ ÁS CCBB
segundo Normativa de Galicia**

ETAPA / CICLO: **EDUCACIÓN PRIMARIA – 1º CICLO**

(CVCLI) Contribúe a comprender unha información escrita e en imaxes; expresar axeitadamente pensamentos, ideas e emocións; adquirir vocabulario relacionado cos distintos temas; aprender a escoitar e dialogar; por en práctica os coñecementos adquiridos para escribir palabras e oracións correctas.

(CMAT) Contribúe a aplicar a análise e a dedución para resolver diferentes actividades; ordear secuencias e escribir números; utilizar os números para contar sílabas, palabras; interpretar información gráfica.

(CIMF) Contribúe a observar a realidade e comprender a relación que hai entre o lugar de orixe e a vida de cada persoa; aprender a observar a natureza e a disfrutar con ela, ó tempo que mostra unha actitude respetuosa e de coidado co medio natural.

(TICD) Contribúe a extraer información a partir de diversos textos, ordeala e analízala; relacionar palabras e imaxes; interpretar sinais, pictogramas, mensaxes cifradas, iconos e símbolos.

(CSYC) Contribúe a utilizar a lingua para fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos; aceptar as normas de convivencia; respectar o traballo dos demais e mostrar unha actitude de colaboración; manifestar empatía cos sentimentos dos demais.

(CCYA) Contribúe a escoitar, comprender e valorar con diferentes mostras da literatura e xogos lingüísticos; valorar a expresión plástica; interpretar correctamente mensaxes verbais e plásticos; presentar o caderno con orde e limpeza.

(CPAA) Contribúe a interpretar correctamente mensaxes verbais, gráficos e iconográficos; aprender a comunicarse cos demais e comprender o que estes transmiten; asimilar regras ortográficas de maneira natural.

(CAIP) Contribúe a traballar con crecente autonomía na resolución de actividades; expresar emocións e sentimentos; resolver conflitos con autonomía e de maneira pacífica; valorar as producións propias e respectar as dos compañeiros.

**CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO ÁS CCBB
segundo Normativa de Galicia**

ETAPA / CICLO: **EDUCACIÓN PRIMARIA – 1º CICLO**

(CVCLI) Contribúe ao comprender e interpretar informacións orais e escritas da vida cotiá, das relacións sociais, dos medios de comunicación; ó tempo que se expresan axeitadamente pensamentos, ideas e emocións.

(CMAT) Contribúe a saber expresar con claridade e precisión datos e informacións.

(CIMF) O coñecemento do corpo humano, da natureza e interacción das persoas con ela, así como percibir o espazo no que se desenvolve a vida e a actividade humana fará que se chegue á competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

(TICD) Esta área de Coñecemento do Medio emprega diferentes tipos de información: orais, escritos, gráficos ou audiovisuais, así como das TICs como ferramentas de aprendizaxe polo que contribúe ó desenvolvemento da competencia de tratamento da información e competencia dixital.

(CSYC) Contribúe a comprender a realidade social na que vive, partindo das relacións próximas; e a valorar a necesidade das normas de conducta que faciliten a convivencia.

(CCYA) Concrétase en apreciar o patrimonio natural, artístico e cultural, así como en diversas técnicas, materiais e linguaxes artísticas.

(CPAA) Contribúe a saber obter información, mellorar a atención, a observación e a memoria.

(CAIP) Promove traballar de forma individual e en equipos, fomentando a adquisición e a interiorización dos hábitos.

**CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO ÁS CCBB
segundo Normativa de Galicia**

ETAPA / CICLO: EDUCACIÓN PRIMARIA – 2º CICLO

(CVCLI) Axuda a aumentar a riqueza do vocabulario específico da área; ser riguroso no emprego dos termos específicos desta área; ser coidadoso na precisión de termos, encadeamento de ideas, expresión verbal; comprender textos informativos, explicativos e argumentativos e transmitir ideas en informacións sobre a natureza.

(CMAT) Favorece a utilización de ferramentas matemáticas tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas e a utilización dunha linguaxe matemática para cuantificar fenómenos naturais ou para expresar datos.

(CIMF) Contribúe a interpretar o mundo físico a través dos conceptos aprendidos; saber definir problemas, estimar solucións e elaborar estratexias; deseñar pequenas investigacións; analizar resultados e comunicalos; observar o mundo físico, obter información e actuar dacordo con ela; coñecer o propio corpo e as relacións entre os hábitos e as formas de vida e a saúde e buscar solucións para avanzar cara ao logro dun desenvolvemento sustentable.

(TICD) Contribúe a utilizar distintos procedementos de procura, selección, organización e aplicalos na área; favorece a utilización das TICs para a busca guiada de información, mellorar nas destrezas asociadas á utilización de esquemas, mapas conceptuais.

(CSYC) Favorece o coñecemento de sentimentos e emocións en relación cos demais; axuda a desenvolver actitudes de diálogo e de resolución de conflitos e aceptar e elaborar normas de convivencia; asentar as bases dunha futura cidadanía mundial, solidaria, participativa e democrata; comprender a realidade social na que se vive; ser conscientes do papel da sociedade no avance da ciencia e coñecer como se produciron detalles esenciais para o avance da ciencia para entender a evolución da sociedade.

(CCYA) Posibilita coñecer as manifestacións culturais da nosa contorna; valorar a diversidade cultural e recoñecer as manifestacións culturais que forman parte do patrimonio cultural da comunidade.

(CPAA) Axuda a desenvolver técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar a información; facer resumos, esquemas ou mapas mentais; reflexionar sobre que e como se aprendeu; adquirir conceptos esenciais ligados ó noso coñecemento natural para incorporar información provinte da propia experiencia ou de escritos ou audiovisuais e adquirir procedementos de análises de causas e consecuencias.

(CAIP) Contribúe mediante a toma de decisións desde o coñecemento dun mesmo (no ámbito escolar e nas actividades de lecer); a participación na construción de solucións e ter habilidade para iniciar e levar a cabo proxectos.

**CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO ÁS CCBB
segundo Normativa de Galicia**

ETAPA / CICLO: **EDUCACIÓN PRIMARIA – 3º CICLO**

(CVCLI) Preséntanse distintos tipos de información: textos expositivos, carteis, noticias, folletos, que permiten traballar a competencia lectora; desenvólvense ademais as habilidades de comunicación oral mediante actividades de intercambio de opinións sobre diversos temas.

(CMAT) De xeito especial nos temas relacionados coas ciencias e coa xeografía, contribúe a interpretar a expresión matemática dos feitos e os fenómenos; interpretación numérica do mundo físico (a medida do tempo, a distancia, a velocidade, a materia, elementos meteorolóxicos) e da sociedade (demografía e actividades económicas).

(CIMF) Contribúe a interpretar o mundo físico; saber definir problemas, estimar solucións e elaborar estratexias; deseñar pequenas investigacións; analizar resultados e comunicalos; observar o mundo físico, obter información e actuar dacordo con ela.

(TICD) A través de múltiples actividades de observación e descrición da realidade, do mesmo xeito que de rexistro e clasificación de información en distintos formatos: táboas, fichas, escritos.

(CCYA) Favorece o coñecemento e a valoración de expresións culturais doutras sociedades e doutros momentos históricos; a observación sistemática de fotografías e ilustracións forma parte das habilidades propias da educación artística; a realización de diversas actividades de creación plástica.

(CPAA) Trabállanse diferentes técnicas para seleccionar, organizar, interpretar e memorizar información; resumos e distintos tipos de gráficos e de organizadores gráficos.

(CAIP) Contribúe solucionando problemas da vida diaria de forma autónoma.

**CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA EXTRANXEIRA (INGLÉS) ÁS CCBB
segundo Normativa de Galicia**

ETAPA / CICLO: **EDUCACIÓN PRIMARIA – 2º CICLO**

(CVCLI) Desenvolve habilidades sociolingüísticas cara a conquistar unha actitude de diálogo e reflexión dentro do grupo.

(CIMF) Contribúe a adquirir coñecementos das distintas realidades culturais.

(TICD) Búsqueda en internet de imaxes alusivas ó vocabulario e estruturas traballadas.

(CSYC) Desenvolve habilidades sociais con respecto ó grupo e ámbito no que vive o neno/a.

(CCYA) Contribúe a adquirir coñecemento das distintas realidades culturais.

(CPAA) Contribúe a desenvolver a autonomía dos alumnos/as a espertar a curiosidade.

(CAIP) Desenvolve a toma de iniciativas e decisións.

**CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA ÁS CCBB
segundo Normativa de Galicia**

ETAPA / CICLO: EDUCACIÓN PRIMARIA – 1º, 2º e 3º CICLO

(CVCLI) Intercambios comunicativos e vocabulario específico da materia.

(CMAT) Apreciación de distancias, traxectorias, lanzamentos, recepcións; ocupación do espazo de acción, dispersión, agrupamento; xogos de equipo e individuais (con e sen materiais); interpretación de símbolos, traballar a orientación, a formación de figuras xeométricas co corpo.

(CIMF) Exploración e coñecemento doutros medios (acuático, natural); xogos de orientación no medio natural; mellora da saúde e calidade de vida.

(TICD) Búsqueda de información e manexo da mesma usando as TICs.

(CSYC) Atenderase ó xogo limpo, con responsabilidade, cadaquen da integridade do resto de compañeiros/as; resolución de conflitos baseada no diálogo.

(CCYA) Apreciar a parte artística de certas execucións motrices; potenciar o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión.

(CPAA) Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que grupo de clase ten que buscar a colaboración dos seus compañeiros/as.

(CAIP) Mellorar o coñecemento do seu propio corpo, do esquema corporal, percepción do espazo; incremento do nivel de habilidades de autonomía e iniciativa persoal

Concreción curricular segundo Normativa de Galicia

ÁREAS: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal / Linguaxes: comunicación e representación / Coñecemento do contorno
ETAPA / CICLO: 2º CICLO E. INFANTIL

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | CCBB | INDICADORES |
|---|--|---|---------------------------------------|---|
| 2. Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos. | Bloque 1. O corpo e a propia imaxe. | 1. Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes. | CVCLI CMAT CCYA CAIP | 1.1 Recoñece as partes do corpo 1.2 Identifica o corpo e as súas partes 1.3 Representa o esquema corporal |
| 5. Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas. | Bloque 1. Linguaxe verbal. Escoitar, falar e conversar | 2. Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa. | CVCLI CIMF CSYC CPAA CAIP | 2.1. Comprende mensaxes orais diversas 2.2. Mostra unha actitude de atención e respecto. |
| 2. Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación. | Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida. 13. Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá. 14. Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario. | 6. Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida. | CVCLI CMAT CSYC CPAA CAIP | 6.1. Usa nocións temporais 6.2. Comprende nocións temporais 6.3. Ordea temporalmente feitos referidos á súa vida. |

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | CCBB | INDICADORES |
|--|--|--|---|--|
| <p>1. Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e recoñecer o valor de actitudes como a exploración de distintas alternativas, a conveniencia da precisión ou perseveranza na busca de solucións.</p> <p>2. Recoñecer situacións do medio habitual do alumnado que requiran, para a súa comprensión ou tratamento, de operacións elementais de cálculo; formulalas mediante formas sinxelas de expresión matemática ou resolvelas empregando os algoritmos correspondentes; valorar o sentido dos resultados, a presentación ordenada e clara e a explicación oral e por escrito dos procesos seguidos.</p> | <p>Bloque 2. Cantidades.</p> <p>1.Recoñecemento dos usos dos números para solucionar problemas en contextos próximos (contar, medir, ordenar, nomear...).</p> <p>4. Recoñecemento e utilización dos números ordinais para resolver problemas da vida diaria.</p> <p>8. Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a aplicación de sumas e de restas e a utilización de estratexias procesuais adecuadas</p> <p>11.Formulación de problemas variados da vida cotiá</p> | <p>1. Formular problemas sinxelos en que se precise contar, ler, ordenar e escribir números ata o 999. Interpretar a función que teñen os números cando aparecen nun contexto real e usalos de acordo coas súas características.</p> | <p>CVCLI CMAT CIMF CSYC CPAA CAIP</p> | <p>1.1. Interpreta situación problemática</p> <p>1.2. Determina datos útiles</p> <p>1.3. Selecciona operación adecuada</p> <p>1.4. Verifica resultado obtido</p> <p>1.5. Expresa de forma clara e ordenada os datos</p> <p>1.6. É capaz de empregar máis dun procedemento e mantén unha actitude de perseverancia na busca de solucións.</p> |
| <p>NON HAI</p> | <p>Bloque 1. Espazos e formas.</p> <p>2. Utilización do vocabulario topolóxico elemental (esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe, próximo-afastado...) para describir relacións de situación dos obxectos do espazo próximo.</p> <p>3. Descrición de posicións e de</p> | <p>7. Describir e representar dun xeito elemental a situación dun obxecto do espazo próximo, un desprazamento en relación a si mesma ou a si mesmo e a situación do propio alumnado en relación a obxectos e ás demais persoas da clase usando vocabulario topolóxico elemental.</p> | <p>CVCLI CMAT CIMF CSYC CPAA CAIP</p> | <p>7.1. Interpreta e usa conceptos como esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo</p> <p>7.2. Oriéntase no espazo próximo</p> <p>7.3. Describe itinerarios sinxelos con relación a obxectos, ás demais persoas e a si mesmo.</p> |

| | | | | |
|--|---|---|--|--|
| | <p>movimentos, en relación a si mesmo, a si mesma e a outros puntos de referencia.</p> <p>4. Interpretación e descrición verbal de planos de itinerarios e elaboración elemental e non convencional destes, unha vez vivenciados</p> | | | |
| <p>7. Identificar formas xeométricas do contorno natural e cultural, empregando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para describir a realidade e desenvolver novas posibilidades de acción.</p> | <p>Bloque 1. Espazos e formas.</p> <p>5. Recoñecemento de aspectos xeométricos básicos (liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas e cubos) no contorno inmediato.</p> <p>6. Construción de figuras xeométricas sinxelas, previa análise e recoñecemento das súas características, recorrendo a materiais manipulables.</p> <p>7. Experimentación lúdica con formas xeométricas para buscar elementos de regularidade, identificar, comparar, clasificar e descubrir as súas propiedades.</p> <p>8. Experimentación a partir de composición e descomposición de figuras planas e de corpos xeométricos para formar outros.</p> | <p>8. Utilizar o coñecemento das formas rectangulares, triangulares, circulares, cadradas, esféricas e cúbicas para describir e resolver situacións cotiás que as requiran.</p> | <p>CVCLI CMAT CIMF CSYC CCYA CPAA CAIP</p> | <p>8.1. Recoñece no contorno inmediato as formas xeométricas elementais</p> <p>8.2. Interpreta informacións orais ou escritas sobre espazos familiares, obxectos</p> <p>8.3. Constrúe formas de dúas dimensións</p> <p>8.4. Experimenta ludicamente coas formas xeométricas para descubrir propiedades e características delas</p> |

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | CCBB | INDICADORES |
|---|--|---|-----------------------|--|
| <p>Mostrar hábitos de saúde e coidado corporal e aproveitar as posibilidades do propio corpo para acadar un desenvolvemento óptimo e aceptar as limitacións, tanto propias como alleas.</p> | <p>Bloque 1. Os seres humanos e a saúde</p> <p>4. Valoración dos hábitos de hixiene persoal, de descanso, de alimentación equilibrada e de exercicio físico adecuado para unha vida saudable. Actitude crítica ante prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento persoal e da saúde.</p> <p>5. Recoñecemento dalgúns factores que producen as enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe) para favorecer a súa prevención.</p> <p>6. Análise de dietas equilibradas. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais e identificación de sistemas de conservación alimentaria.</p> | <p>2. Identificar, valorar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico, descanso...</p> | <p>CIMF CVCLI</p> | <p>2.1. Identifica as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico, descanso</p> <p>2.2. Valora as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico, descanso</p> <p>2.3. Explica as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico, descanso</p> |
| <p>2. Identificar e analizar as características, organización e interacción de aspectos relevantes do contorno natural, social e cultural, progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos. Interesarse polo coñecemento e a protección do medio natural e dos seres vivos que o conforman. Ter interese por describir e identificar os animais (vertebrados e invertebrados) e as plantas (árbores, arbustos e herbas), en especial os que son propios da Comunidade de Galicia. Identificar como funcionan os ecosistemas e recoñecer as súas</p> | <p>Bloque 2. As plantas e os animais</p> <p>1. Identificación de animais e de plantas como seres vivos. Observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible.</p> <p>3. Recoñecemento das principais características dos animais vertebrados e dalgúns invertebrados. Clasificación de animais a partir de características observables.</p> <p>4. Recoñecemento das características das plantas. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir</p> | <p>4. Identificar e clasificar animais, plantas e rochas, recoñecendo as características básicas de determinadas especies de acordo con criterios científicos.</p> | <p>CIMF</p> | <p>4.1. Identifica animais, recoñecendo as características básicas de determinadas especies de acordo con criterios científicos.</p> <p>4.2. Identifica plantas, recoñecendo as características básicas de determinadas especies de acordo con criterios científicos.</p> <p>4.3. Identifica rochas, recoñecendo as características básicas de determinadas especies de acordo con criterios científicos.</p> <p>4.4. Clasifica animais, recoñecendo as características básicas de determinadas especies de acordo con criterios científicos.</p> <p>4.5. Clasifica plantas, recoñecendo as características básicas de determinadas especies de acordo con criterios científicos.</p> <p>4.6. Clasifica rochas, recoñecendo as características básicas de determinadas especies de acordo con criterios científicos.</p> |

| | | | | |
|--|---|---|-------------------------------|--|
| <p>alteracións por parte do ser humano, así como valorar o aproveitamento dos recursos naturais.</p> | <p>de características observables. 5. Valoración da importancia da existencia de animais e plantas para as persoas: a agricultura e a gandaría. Estudo dalgúns animais e cultivos típicos de Galicia. 7. Interese e compromiso pola conservación e coidado de plantas e animais do contorno.</p> | | | |
| <p>Coñecer e valorar as festas e tradicións do propio contorno e de outros lugares do mundo.</p> | <p>Bloque 3.A vida en sociedade 3. Identificación das manifestacións culturais do contorno, recoñecendo a súa evolución no tempo e valorándoas como elementos de cohesión social. Recoñecemento de costumes, de tradicións e de trazos diferenciais do patrimonio galego. 4. Participación activa en festas, xogos e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia. Realización conxunta de murais, cartafoles, etc. coa información obtida, planificando previamente, contrastando a información, usando diferentes linguaxes e valorando a correcta presentación final do traballo.</p> | <p>7. Valorar os costumes, tradicións e trazos de identidade do patrimonio galego. Participar activamente en festas, xogos e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia.</p> | <p>CIMF CSYC CCYA</p> | <p>7.1. Valora os costumes, tradicións e trazos de identidade do patrimonio galego. 7.2. Participa activamente en festas, xogos e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia.</p> |

ÁREA: **COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL**

ETAPA / CICLO: **3º CICLO E. PRIMARIA**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | CCBB | INDICADORES |
|--|--------------------------------------|--|---|--|
| 1. Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que derivan do coñecemento do corpo humano | Bloque 1. Os seres humanos e a saúde | 3. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde. | CVCLI CSYC TICD CMAT CPAA CAIP | 3.1. Comprende a importancia da saúde e hixiene persoal. 3.2. Coñece as partes do corpo humano. 3.3. Valora as actividades relacionadas coa saúde, hixiene persoal e as partes do corpo. |

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | CCBB | INDICADORES |
|--|---|---|--|---|
